



Por terceiro ano consecutivo Lugo Cultural, que integra á Vicerreitoría de Cultura da USC, Concello de Lugo, Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo, Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia e Fundación Caixa Galicia, presenta *Entre Lusco e Fusco*.

Entre Lusco e Fusco pretende recuperar como espazo escénico zonas naturais. Este ano os concertos terán lugar no anfiteatro do Parque Rosalía de Castro os mércores de xullo a partires do 15 ás 21:00 h. En caso de choiva trasaladaranse ao Auditorio Gustavo Freire.

Este ano contamos con tres concertos que aúnan diferentes estilos nos que agardamos desfruten todos os que se acheguen ao Parque Rosalía de Castro.

Christina Rosenvinge
“Tu labio superior” (Warner)
Mércores 15 de xullo ás 21:00 horas
Inauguración do ciclo Entre Lusco e fusco
2009

Christina Rosenvinge fixo o seu mellor disco, que xa é dicir.

Ten moito de regreso ás estruturas pop dos seus discos dos 90; e iso sen prescindir da complexidade e madurez da súa triloxía en inglés, a de *Frozen Poo* (2001), *Foreign Land* (2002) e *Continental 62* (2006). Poderíamos velo como unha secuela, once anos despois, do xa fantástico "Pechado", coa vantaxe da experiencia; ou quizais do "Mi pequeño animal" (1994), porque desde aquel non publicaba Rosenvinge un álbum completo en castelán. Tamén poderíamos dicir que con "Tu labio superior" estamos ante o consabido disco *de madurez*, porque a madurez non soe incluír tanta intensidade nin tanta vertixe.

Cunha banda espléndida formada por amigos americanos –Steve Shelley (Sonic Youth) na batería; Chris Brokaw (ex Come) en guitarras e baixo; Jeremy Wilms en baixo, contrabaixo e guitarra– e o seu inseparable home orquestra Charlie Bautista, a nosa cantante-compositora máis sofisticada gravou unha obra intensa, palpitante e viva, desas que non poden usarse como fondo para calquera outra acción porque tragan toda a atención. É así, con tanta emoción acurrálase. Soa rotundo pero tamén vulnerable, como se espera que soe un disco gravado e mesturado case por enteiro en Hoboken, Nova Jersey, fogar de Yo La Tengo.

Foi na tamén cidade de Frank Sinatra onde Christina puido dar as rasposas, vehementes formas que buscaba –ela é produtora– a dez temas propios e un tomado prestado: o blues de Leroy Carr "In the Evening", segundo a versión que escoitou tocar a Brokaw e Jeff Farina no Tanned Tin de 2007. Nas súas mans convértese en número pop misterioso, ensoñador e intemporal, como de Julee Cruise no bar Jack o Tuerto de Twin Peaks. Outras cancións (*Negro cinturón, Anoche, Animales vertebrados*) soan a cabaré berlinés, Kurt Weill, Bertolt Brecht, música para superviventes, irónica, lixeira e ao tempo brutal. En *Eclipse*, como no inolvidable *Tok tok* de *Continental 62*, a voz cumpre unha función máis rítmica que melódica e arrástranos polo chan en actitude humillante ata un éxtase *gainsbourgiano*.



Os xogos de poder entre amo e esclavo, pero tamén un despeito tinxido de nostalgia (*La distancia adecuada, Nadie como tú*), o episodio de furia hormonal (*Tres minutos*), un solipsismo fatal (*Las horas*) ou o caos sentimental (*Anoche*) conforman a nebulosa paisaxe literaria: un mundo de adultos tan doentes e egoístas como adolescentes, de feridas e roldas nocturnas, de baixos instintos que se disfrazan de calquera outra cosa. Ela, que estaba tan cómoda nas bancadas atópase de novo na pista do circo, facendo cabriolas entre os trapecios

Pero vaia, tantos saltos adiante ou triplos ou cuádruplos poden pagar a pena se logo xorde un disco como "Tu labio superior"

Juan Manuel Freire

OH TRÍO

Mércores 22 de xullo ás 21:00 h

Oh Trío ten menos dous anos de vida, aínda que os seus compoñentes se coñecen e colaboran en distintas formacións dende hai anos. Grupos como Rao Trío, La Brigada Bravo&Díaz ou Marisco Fresco, con varias gravacións no selo Producciones Efímeras, son proba das devanditas colaboracións.



Nesta ocasión ofrécennos un repertorio que combina temas de colleita propia xunto a pezas de compositores europeos como Valentín Clastrier ou Richard Galliano. Un programa, por tanto, enmarcado dentro do jazz europeo pero cunha gran diversidade de influencias estilísticas propias dun grupo de músicos que tocaron en formacións de jazz, música improvisada, folk, rock ou clásica.

A peculiar instrumentación (zanfona, guitarra eléctrica, batería e gravación de *loops* en directo), xunto ao especial tratamento de compases de amálgama, recalán nun son fóra do habitual, a nivel tímbrico e rítmico. A improvisación forma parte imprescindible do son do grupo e dota ao repertorio de partes inesperadas para o oínte.

Germán Díaz, Antonio Bravo e Diego Martín están de xira por Europa coa presenza na carteleira de festivais de jazz.

NORDESTIN@S
Mércores 29 de xullo ás 21:00 h

Todos os ríos van ao mar. Aportando é o novo espectáculo de Nordestin@s, no que os cantares tamén chegan a el entre voces de muller: Guadi Galego e Ugia Pedreira e un barco acibeche, o piano de Abe Rábade.

A auga é movemento por definición e neste trío a quietude non pode ter cabida; nin no constante seguimento das correntes: en portos abrigados, nas lousas quentes de agosto, nos faros, nas chalupas velliñas e nas goletas restauradas ... Nordestin@s ofrece un paseo lonxe da pedra e do cemento, co son do mar de fondo, e a melodía das sereas acompañada do bruar do barco negro.

Dúas voces galegas de máxima actualidade, Guadi Galego e Ugia Pedreira, modelan o repertorio mariñeiro do Norte, achegándose á súa infancia, á música popular que lle transmitiron os seus pais, xuntándoa coas súas propias composicións que tamén miran ao mar... Todo isto envolto cos arranxos, a elegancia e o talento dun dos mellores músicos de jazz da península, o lugués Abe Rábade.

No seu concerto achéganse á súa infancia, á música popular que lle transmitiron os seus pais: cancións populares dos 70, habaneiras, cancións mariñeiras, cancións de taberna... e xúntana coas súas propias composicións que tamén miran ao mar.

Un piano de cola, dúas mulleres con medias de rede e unha escollera, a escenografía do artista mindoniense, Caxigueiro.

A paixón das Nordestin@s mestúrase co jazz de Abe, dun xeito espontáneo e natural. Ugia Pedreira, Abe Rábade e Guadi Galego. De Lugo a Cedeira pasando por Foz.



Guadi Galego

Nace na vila de Cedeira onde dende nena se relaciona coa música tradicional e clásica. Titúlase en Educación Musical pola Universidade de Santiago de Compostela e comeza a estudar canto con Miro Moreira, Fernando Balboa e Ramón Bermejo. Nesta etapa comeza a formar parte de grupos de música tradicional como “Rumbadeira” e “Cantigas e Agarimos” onde coñece a Xavier Díaz e ás compoñentes de Leilía e Anubía.

Participa como compositora e intérprete en diferentes discos de artistas tan recoñecidos no panorama galego como Uxía, Susana Seivane, Anubía, Lamatumbá, etc.

Ugia Pedreira

Coñecida na música tradicional polos tres discos editados co seu anterior grupo Chouteira e pola súas constantes colaboracións con distintos artistas e estilos musicais: O Musical Dillei de Carlos Blanco, espectáculo de Galicia Baby de Nación Reixa, a banda italiana Banda Basotti, Eliseo Parra, o espectáculo de voces femininas galegas Son delas, o grupo de rock galego dos 90 Xenreira, Susana Seivane, Cempés, A Matraca Perversa, etc. e principalmente pola fundadora e directora da Central Folque. O seu grupo habitual, ecosistema das súas propias cancións é MARFUL, banda formada por Pedro Pascual, Marcos Teira e Pablo Pascual co que está na gravación do seu segundo disco.

Abe Rábade

É, sen dúbida, un dos músicos máis eclecticamente preparados do panorama musical galego. Comeza os seus estudos no Conservatorio de Santiago de Compostela e remata cunha Licenciatura dobre cum laude en Jazz Composition e Piano Performance no Berklee College of Music (Boston, USA).

Polo camiño foron dando froito os seus esforzos musicais coa obtención de multitude de bolsas e galardóns, ata estar hoxe recoñecido a nivel mundial como un dos pianistas de jazz máis recoñecido. A súa última proposta é quizais a máis novidosa, Nordestin@s. Unha incursión nun universo musical distinto ao do jazz que nos ten afeitos. Con Guadi Galego e Ugia Pedreira (voces), combina a tradición da canción galega do norte coas súas harmonías contemporáneas.

